

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 30 DE ABRIL DE 2026

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a trinta de abril de dous mil vinte e seis, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as doce

horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### 1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 24 de abril de 2026, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

### 2.- LICENZA DE LEGALIZACIÓN DE OBRAS

- Ledo Conde S.L.U.

#### ANTECEDENTES

1. Don Daniel Ledo Conde, na representación da sociedade LEDO CONDE S.L.U., con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social no lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro, solicitou con data 26 de marzo de 2026 (RE-E núm. 211) licenza municipal de



LSG e artigo 351 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG).

3. As obras a legalizar atópanse situadas en solo cualificado como “*solo rústico de protección agropecuaria*” polo PXOM en vigor.
4. O proxecto de legalización afecta a unha instalación de vacún de leite en funcionamento, sen implantación de novos usos nin novas edificacións alleas á actividade, limitándose a actuación á legalización das construcións existentes, mantendo a tipoloxía, materiais, volumes e uso agrario tradicional.
5. As construcións a legalizar incluídas no proxecto son as que deseguido se enumeran, coas superficies que se especifican:

Construción	Superficie (m <sup>2</sup> )
Fosa de xurro – fosa 2 (Licenza concedida por acordo XGL 19/09/16)	294,00
Establo – nave 2 (Licenza concedida por acordo XGL 19/09/16)	1.235,00
Silo 1 + silo 2 (Licenza concedida por acordo XGL 19/09/16)	604,99
Cochos (Licenza concedida por acordo XGL 19/09/16)	98,00
Zona de cama quente	389,40
Cochos de terreiros	72,10
Esterqueira	180,00
Zona cuberta	319,00
Ampliación dos silos 1 e 2	288,12
Silo 3	295,86
TOTAL	3.776,47

6. Sobre a parcela dispónse tamén de 2.395,16 m<sup>2</sup> de soleira de formigón, para permitir un acceso e manexo máis cómodos y limpos.
7. A capacidade total de la explotación, cos cambios introducidos e a ampliación levada a cabo posterior a 2019, pasa de 70 a 169 UGM actuais.
8. O orzamento de execución material das obras a legalizar que non dispuxeron no seu día de licenza urbanística ascende á cantidade de CENTO TRINTA MIL TRESCENTOS CATORCE EUROS CON DEZASEIS CÉNTIMOS (130.314,16 €).

9. Resulta de aplicación a Disposición Transitoria primeira da LSG, na que se establece que ao solo rústico dos municipios con planeamento aprobado definitivamente con anterioridade a entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, aplicaráselles o disposto na LSG para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contidas no planeamento respectivo.
10. As construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandaría extensiva e intensiva e as granxas correspóndense cun uso admisible en calquera categoría de solo rústico logo da obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística segundo o artigo 36.1 da LSG.
11. O contido urbanístico do proxecto presentado coincide cos seguintes extremos:

Titulares do predio	[REDACTED]
Inscripción no Rexistro da Propiedade	[REDACTED]
Ref <sup>o</sup> catastral da parcela	36047A094001190000PE
Superficie da parcela	28.558 m <sup>2</sup>
Uso autorizado	Legalización de ampliación de explotación de vacún de leite
Superficie ocupada en planta	Explotación existente: 1.147,98 m <sup>2</sup> Ampliación obxecto de legalización: 3.776,47 m <sup>2</sup>

12. A actividade obxecto da licenza de legalización foi sometida a declaración de incidencia ambiental (DIA) ao figurar incluída no catálogo que recolle o Anexo da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG).
13. Por Resolución de data 26 de novembro de 2025 da Dirección Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático en Pontevedra emítase a correspondente declaración de incidencia ambiental (expediente núm. [REDACTED]).
14. Nos solos rústicos de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a

- competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal (artigo 36.2 LSG).
15. Figura no expediente escrito emitido, con data 6 de febreiro de 2026, polo Servizo de Explotacións Agrarias do Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra, polo que informa da non necesidade da emisión do informe solicitado.
  16. Seguiuse a tramitación prevista nos artigos 9 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por remisión do artigo 143.2 LSG.
  17. O carácter regrado da licenza establecido pola doutrina e xurisprudencia determina que o Concello ven obrigado a conceder licenza urbanística se conforme a normativa aplicable é posible levar a cabo a actuación urbanística solicitada.
  18. Deberá liquidarse o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP núm. 248, do 29 de decembro de 1999, e a Taxa por licenzas urbanísticas, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP do día 27 de decembro de 1989.
  19. O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 4 de xullo de 2023).

Xa que logo, visto o anterior e de conformidade coa certificación da ECCOM que obra no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- CONCEDER a LEDO CONDE S.L.U. licenza municipal de legalización de obras para AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN DE VACÚN DE LEITE, con emprazamento no lugar de Rodeiro parroquia de Rodeiro, con estrita suxeición ao proxecto técnico rectificadado (visado colexial núm. [REDACTED], do 10/02/26) redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Don José Luís Lamas Carral, coas condicións especiais seguintes:

- a) Esta concesión outórgase salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro e terán que cumprirse as condicións fixadas polos organismos con competencias sectoriais.
- b) A presente licenza queda sometida á condición suspensiva, no que atinxe ao inicio das obras e implantación do uso, ata que se

xustifique o cumprimento das obrigas establecidas conforme o artigo 39 e) da LSG. Aos citados efectos, será suficiente que o titular da licenza presente ante o Concello certificación expedida polo Rexistro da Propiedade da vinculación da total superficie real do predio á construción e usos autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade impostas na presente licenza (artigo 39 e) da LSG en relación co disposto nos artigos 65 e 67.3 do Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana).

- c) Deberá presentarse unha comunicación previa, acompañada do correspondente proxecto de execución, redactado por persoa técnica competente e visado polo correspondente colexio profesional, xunto coa documentación complementaria que proceda e a esixida polo artigo 143.4 da LSG.
- d) Deberá achegarse certificado final de obra asinado por persoa técnica competente e visado polo correspondente colexio profesional.
- e) Deberá achegarse a preceptiva comunicación previa para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras pola cantidade de DOUS MIL SEISCENTOS SEIS EUROS CON VINTE E OITO CÉNTIMOS (2.606,28 €).

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación da Taxa por licenzas urbanísticas pola cantidade de SEISCENTOS CINCUENTA E UN EUROS CON CINCUENTA E SETE CÉNTIMOS (651,57 €).

### **3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRAS**

Consta nas dependencias municipais a comunicación previa de execución de obras, presentada con data 5 de febreiro de 2026 (RE núm. 101), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	MARÍA ROMAY FERNÁNDEZ
DNI	██████████
DOMICILIO	LUGAR DE BAGARELAS, PARROQUIA DE VILELA

DATOS DA OBRA

OBXECTO	CONSTRUCCIÓN DE PECHE DE FINCA CON MAIA GANDEIRA
LUGAR	BAGARELAS
PARROQUIA	VILELA
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA
RFª. CATASTRAL DA PARCELA	36047A012001560000PW
DOCUMENTO TÉCNICO	NON
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	1.350,00 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	UN (1) ANO
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 30/04/26)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de VINTE E SETE EUROS (27,00 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

#### ***4.- APROBACIÓN DAS BASES E BAREMOS PARA A PROVISIÓN DUN (1) POSTO DE TRABALLO SUBVENCIONADO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2026 (LIÑA 3)***

Dáse conta aos/ás Sres./as concelleiros/as presentes que a Deputación Provincial, por acordo da Xunta de Goberno de data 13 de febreiro do corrente, resolveu conceder unha subvención, por importe de 125.861,78 €, para a contratación laboral de doce (12) traballadores/as, de conformidade co solicitado por este órgano en data 16/01/26, ao abeiro das bases reguladoras e a convocatoria do Plan de obras e servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2026-2027 (BOP núm. 1, do 02/01/26). Cómpre, xa que logo, proceder nunha terceira fase á aprobación das bases para a provisión do último posto de traballo dos doce subvencionados: un (1) posto de traballo de educador/a social.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Aprobar as bases e o baremo de selección para a provisión dun (1) posto de traballo subvencionado ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego 2026, co contido íntegro que se contén no anexo do presente acordo.

#### ANEXO

BASES E BAREMO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN DE 1 POSTO DE TRABALLO FINANCIADO AO ABEIRO DO PLAN MÁIS PROVINCIA, "PROGRAMA DE ACTIVACIÓN DO EMPREGO" 2026, DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

##### Primeira.- Obxecto

As presentes bases teñen como finalidade a determinación do sistema, procedemento e criterios aplicables para a contratación, con carácter temporal, de 1 persoa desempregada inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupada e que estea dispoñible para o emprego, dentro da subvención concedida ao Concello por acordo da Xunta de Goberno Local da Deputación de Pontevedra de data 13.02.2026, ao abeiro da convocatoria das axudas e subvencións do *Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal 2026-2027 (Plan Máis Provincia) (BOP núm. 1, do 02.01.2026)*.

##### Segunda.- Modalidade de contratación e característica da relación laboral

Os contratos formalizaranse baixo a modalidade de duración determinada para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (DA 9ª do RDL 3/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o TR da Lei de Emprego).

##### Denominación e número de postos ofertados:

- *Educador/a social: tempo completo*

##### Duración do contrato:

- *Educador/a social: 7 meses e 14 días.*

##### Retribucións:

- *Educadora social: 1.662,57€ brutos mensuais, incluído o prorrateo das pagas extra..*

A duración establecida no anterior parágrafo queda condicionada ao requisito establecido na Base cuadraxésimo terceira das Bases Reguladoras do programa que financia esta axuda. Polo tanto, de producirse demoras nas datas previstas de incorporación, a duración do contrato deberá axustarse para non exceder a data límite fixada no 31 de decembro de 2026.

As retribucións brutas serán as aprobadas no acordo da XGL do 16.01.2026, polo que se aproba a solicitude de subvención á Deputación Provincial ao abeiro do *Plan Máis Provincia 2026/2027 – Liña 3: Activación do emprego 2026*.

A relación contractual rexerese pola lexislación laboral, sendo de aplicación o Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da *Lei do Estatuto dos Traballadores* e a *Lei 7/2007* de 12 de abril, do *Estatuto básico do emprego público*, sen prexuízo das normas administrativas que sexan de aplicación ao persoal ao servizo das administracións públicas e demais normativa Estatal e autonómica.

##### Terceira.- Requisitos dos aspirantes

As persoas interesadas en tomar parte nesta contratación, deberán reunir os seguintes requisitos:

I) Requisitos xerais: serán os requisitos legalmente previstos, con carácter xeral, para o acceso ao emprego público:

- a. Ser maior de 16 anos, e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- b. Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- c. Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- d. Para os nacionais doutros estados estarase ao disposto no artigo 57 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; non obstante, se non é cidadán membro da Unión Europea, deberá, posuír o permiso de traballo necesario, de acordo co establecido na Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.
- e. Non atoparse en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade previstas na lexislación vixente.

II) Requisitos específicos:

a. De acordo co establecido nas bases reguladoras das axudas do Programa de activación do emprego da Deputación Provincial, publicadas no BOP do 2 de xaneiro de 2026, ditas axudas destinaranse á contratación laboral de persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados nas categorías/ocupacións referidas na base anterior e que estean dispoñibles para o emprego.

b. Formación académica:

Acreditar estar en posesión da seguinte titulación e/ou formación para os seguintes postos de traballo:

- *Educador/a social: título universitario en educación social (ou equivalente).*

Este será o perfil profesional que deberá ser requirido na oferta xenérica de emprego ao Servizo Público de Emprego de Galicia.

Os requisitos deberán acreditarse debidamente nos prazos e termos sinalados nestas bases e os aspirantes deberán cumprilos na data de remate de presentación de instancias e mantelos ata a data de formalización dos contratos.

Cuartá.- Preselección de persoas candidatas e proceso de admisión

a) *Preselección de candidatos mediante chamamento ao Servizo Público de Emprego:*

O Concello presentará oferta xenérica de emprego na Oficina Pública de Emprego, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir os aspirantes a ser contratados, conforme ás esixencias funcionais e profesionais da actividade a desenvolver, facendo constar a categoría profesional/postos a desenvolver. En todo caso, ditos criterios e requisitos específicos corresponderase co previsto, ao respecto, na base terceira, apartado II) das presentes bases, e non poderán conter, en ningún caso, elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación baseada en criterios persoais e/ou subxectivos e ao marxe dos principios de obxectividade e imparcialidade que deben guiar o presente proceso.

b) *Admisión de candidatas:*

A selección consistirá nunha valoración de méritos, que se desenvolverá da seguinte maneira.

1. No momento de acudir á cita marcada pola oficina de emprego para a presentación no Concello, os candidatos preseleccionados serán informados do procedemento selectivo para o cal se lles entregará unha copia das presentes bases.

2. Os aspirantes disporán de 5 días naturais, a contar dende o día seguinte ao que fosen citados á entrevista pola oficina de emprego, para presentar a seguinte documentación (no caso de se presentar na forma que determina o art. 16.4 da Lei 39/2015 do *Procedemento administrativo común das AAPP* o concursante deberá xustificar a data da imposición do envío e comunicalo no mesmo día ao Concello no correo [aedl@rodeiro.gal](mailto:aedl@rodeiro.gal)):

- Instancia oficial que acompaña a estas bases.
- Carta de presentación no Concello remitida polo Servizo Público de Emprego.
- DNI ou NIE.
- Méritos alegados.

O sistema de selección a empregar consistirá nun concurso de méritos, no que se procederá á valoración dos méritos alegados polos diferentes candidatos, coa finalidade de valorar a adecuación e idoneidade dos aspirantes remitidos polo Servizo Público de Emprego para o adecuado desenvolvemento das funcións, contidos e actividades do posto obxecto de cobertura.

#### Quinta.- Tribunal

A composición do tribunal deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e ter presente o criterio de paridade entre homes e mulleres. A pertenza a estes órganos é a título individual, non podendo ostentarse esa representación por conta de ninguén.

O tribunal estará formado polo presidente, o secretario e máis dous vogais. Os vogais deberán ter, como mínimo, o mesmo nivel de formación ca esixida para os postos que se convocan, ademais de posuír coñecementos específicos ou experiencia profesional nas materias que son obxecto do posto de traballo que se convoca. O secretario terá voz, pero non voto nas decisións que se acorden.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros ou dos seus respectivos suplentes, indistintamente. En todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario.

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.

O Tribunal poderá dispor a incorporación ao seu labor no proceso selectivo de asesores especialistas, naquelas probas que consideren necesario e/ou para aqueles aspectos concretos do proceso selectivo debido á especialización técnica do traballo a realizar. A súa función circunscríbese a un mero asesoramento, é dicir actúan con voz, pero sen voto, non participan na toma de decisións do Tribunal. Os asesores deberán gardar sigilo e confidencialidade acerca dos datos e asuntos sobre os que teñan coñecemento a consecuencia da súa colaboración no Tribunal.

O Tribunal poderá designar persoal colaborador para o desenvolvemento das probas, que actuará baixo a súa dirección, cando a complexidade do proceso selectivo o aconselle.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

#### Sexta.- Desenvolvemento do proceso selectivo

Rematado o prazo de presentación da documentación reunirse o Tribunal nomeado ao efecto para a valoración dos méritos, podendo conceder un prazo de 1 día hábil adicional para emenda da documentación.

## 6.1 Méritos

Son méritos a valorar para a selección a maior adecuación ao posto de traballo e os aplicables polos criterios de preferencia que determina a convocatoria de axudas que financian estas contratacións na súa base cuadraxésima primeira.

### A. Circunstancias sociais e persoais

- Situación de desemprego igual ou superior a 12 meses 0,60 puntos

*Acreditase mediante informe dos períodos de inscrición expedido polo SPEG.*

- Maiores de 45 ou menores de 30 anos 0,50 puntos

*Acreditase co DNI.*

- Vítima de violencia de xénero 0,40 puntos

*Acreditase coa certificación acreditativa da condición de vítima expedida polo Punto de coordinación das Ordes de Protección, ou organismo público equivalente.*

- Persoas candidatas que formen unha familia mono-parental de nai ou pai con fillos/fillas ao cargo 0,35 puntos

*Acreditase coa copia compulsada do Libro de Familia e certificado municipal de convivencia, ou copia compulsada da sentenza aprobatoria do convenio regulador da garda e custodia dos menores.*

- *Situación económica:*

- I. Ingresos netos mensuais per cápita inferiores ao 50% do IPREM 0,30 puntos
- II. Ingresos netos mensuais per cápita inferiores ao 70% do IPREM 0,25 puntos
- III. Ingresos netos mensuais per cápita inferiores ao IPREM 0,20 puntos

*Acreditase coa copia compulsada da última declaración de IRPF da unidade familiar. No suposto de non tela presentada, certificación negativa e de rendementos imputables expedida pola Axencia Tributaria. A estes efectos, enténdese por unidade familiar a formada polo titular, cónxuxe ou parella de feito debidamente inscrita no rexistro correspondente e fillos menores de idade.*

### B. Adequación ao posto de traballo

- Por asistencia a cursos de formación ou perfeccionamento sobre materias relacionadas coas tarefas e funcións propias do posto o que se aspira, impartidos, homologados ou recoñecidos por organismos ou institucións públicas:

- I. Por cada curso de 10 a 20h: 0,10 puntos
- II. Por cada curso de 21 a 50h: 0,20 puntos
- III. Por cada curso de máis de 50h: 0,30 puntos

*A acreditación dos cursos farase mediante a aportación do orixinal do título/diploma e soamente se admitirán cando conste no propio documento o número de horas.*

A puntuación máxima neste apartado será de 1 punto.

- Coñecemento da lingua galega:

- I. Celga 1: 0,10 puntos
- II. Celga 2: 0,20 puntos
- III. Celga 3 ou certificado de iniciación: 0,30 puntos
- IV. Celga 4 ou certificado de perfeccionamento: 0,35 puntos

*Acreditarse coa copia do título que acredite o nivel acadado.*

En caso de posuír varios cursos, soamente se aplicará a puntuación do superior.

- Experiencia profesional
  - Por cada mes de traballo 0,10 puntos

*A experiencia acreditarase mediante os correspondentes contratos laborais (ou de non telos co certificado de empresa) e informe de vida laboral. No caso de ter solicitado o informe de vida laboral e non dispor del no prazo de presentación de documentación, xuntarase a copia da solicitude debendo achegalo no prazo dos días de emenda. No suposto de traballos realizados en administracións públicas, poderá substituírse o contrato de traballo por un certificado expedido pola persoa con competencia en materia de persoal na que conste de forma fidedigna o tempo traballado, a categoría profesional desempeñada e as funcións exercidas. No caso dos servizos prestados no propio Concello de Rodeiro bastará que o solicitante autorice a incorporación ao expediente deste certificado, marcando a xanela correspondente.*

*Para a determinación do número de meses acreditados polos interesados calcularase o número de días que transcorren entre a data inicial do período de servizos alegados e a data final de este. O número de días obtido dividirase entre trinta, de forma tal que o cociente enteiro resultante desta división será o número de meses por servizos prestados acreditados polo interesado. Polo tanto, todos os meses de servizos computaranse como trinta días. O resto de días inferiores a trinta que arroxe a anterior operación non será obxecto de consideración para o cómputo na valoración. A efectos do cómputo da experiencia profesional, terase en conta a xornada de traballo fixada e a proporcionalidade que para cada período contractual resulte do informe de vida laboral.*

A puntuación máxima neste apartado será de 5 puntos.

A existencia dunha omisión ou falsidade nos documentos presentados para demostrar calquera dos méritos, debidamente demostrada, será causa de exclusión do proceso de selección. Si se demostra posteriormente falsidade será causa de rescisión do contrato.

Todos os documentos e informes que se acheguen deberán ser orixinais e cotexaranse no Concello.

#### Sétima.- Resolución de empates

En caso de empate contratarase a persoa candidata que acredite maior puntuación na valoración da experiencia profesional. De persistir o empate seguirase a orde de maior puntuación nos criterios de valoración das circunstancias sociais e persoais, segundo a orde do criterios establecidos na Base 6ª.1A).

#### Oitava.- Proposta de contratación

Valorados tódolos méritos alegados polos aspirantes que reúnan as condicións esixidas, o Presidente formulará a correspondente proposta de contratación a favor dos candidatos que obtivesen a maior puntuación, remitíndose a mesma á Xunta de Goberno Local, e sen superar, en ningún caso, o número de prazas convocadas. Esta proposta será publicada no taboleiro de anuncios do Concello.

O tribunal configurará, igualmente, unha lista cos restantes aspirantes non seleccionados, segundo a orde da puntuación acadada, e no caso de renuncias, baixas ou substitucións, procederase ó chamamento da seguinte persoa, por rigorosa orde de puntuación, sempre que reúna os requisitos das bases reguladoras referido *Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Máis Provincia) 2026/2027*, procedendo a súa contratación polo tempo que reste ata o remate do contrato.

No suposto de que a listaxe de agarda se esgotase ou ningún dos seus integrantes estivese dispoñible para a súa contratación polo Concello, procederase a iniciar un novo proceso selectivo do xeito establecido nestas Bases.

#### Novena.- Resolución e contratación.

Á vista da proposta do Tribunal, a Xunta de Goberno Local resolverá o procedemento selectivo, acordando a contratación dos candidatos seleccionados, de conformidade coa lexislación laboral aplicable.

O Sr. alcalde procederá a asinar cos aspirantes seleccionados o corresponde contrato laboral para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral.

A non presentación no posto de traballo, no día e hora indicados, para o comezo da relación laboral, enténdese como renuncia ao posto de traballo salvo causas debidamente xustificadas.

Décima.- Réxime Xurídico.

Para o non previsto nestas Bases, ademais do previsto na resolución da axuda e no *Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal 206/2027 (Plan Máis Provincia)*, rexerán como supletorias: a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Réxime Local; o Real Decreto 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia; o Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores; o Real Decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei de Estatuto Básico de emprego público, e Lei 2/2015 de 29 de abril de Emprego Público de Galicia, e demais disposicións concordantes.

Undécima.- Incidencias.

A Tribunal de Selección queda autorizado para resolver las dúbidas que se presenten e adoptalos acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas bases.

Décimo segunda.- Impugnación.

Os/as interesados/as poderán impugna la presente convocatoria e as súas bases, así como tódolos actos administrativos que se derivan da mesma nos casos e na forma establecidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.

## ***5.- DESIGNACIÓN DE TRIBUNAL CUALIFICADOR DE PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE POSTO DE TRABALLO FINANCIADO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2026 (LIÑA 3)***

De conformidade co establecido nas Bases quinta do proceso selectivo, aprobadas por acordo deste órgano adoptado na presente sesión, a Xunta de Goberno Local, a proposta do Sr. alcalde e por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Designar como membros do Tribunal Cualificador do proceso selectivo para a contratación laboral temporal do posto de traballo financiado pola Deputación Provincial ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego 2026 (Liña3), ás seguintes persoas:

Tribunal V (posto de traballo de educador/a social)

PRESIDENTE: Jorge Ojea Mato, axente de emprego e desenvolvemento local.

VOGAIS: Ana Belén Rodríguez Pérez, educadora familiar.

María Lara Hermida Fernández, traballadora social.

SECRETARIO: José María Novo Ramos, secretario-interventor.

## **6.- APROBACIÓN DE BASES E BAREMO PARA A PROVISIÓN DE SEIS (6) POSTOS DE TRABALLO AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO)**

Dáse conta aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes da resolución de data 22 de abril de 2026 do director territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración en Pontevedra (RE núm. 507, do 22/04/26) pola que se concede a este Concello unha subvención por importe de 103.314,52 € para a contratación de seis (6) postos de traballos (tres operadores de maquinaria forestal, un enxeñeiro técnico forestal e dous peóns forestais), a tempo completo e durante un período de nove meses, ao abeiro da Orde do 22 de xaneiro de 2026 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2026 (DOG núm. 24, do 05/02/26).

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Aprobar as bases e baremo da selección para a provisión de seis (6) postos de traballo subvencionados ao abeiro do programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, co contido íntegro que se contén no anexo do presente acordo.

### ANEXO

BASES E BAREMO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN DE 6 POSTOS DE TRABALLO FINANCIADOS AO ABEIRO DO PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL DA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN.

#### Primeira.- Obxecto

As presentes bases teñen como finalidade a determinación do sistema, procedemento e criterios aplicables para a contratación, con carácter temporal, de 6 persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, ao abeiro da subvención concedida ao Concello por resolución do *director territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración* de data 22.04.2026, ao abeiro da convocatoria das subvencións para o fomento do emprego no medio rural 2026 (DOG núm. 24, do 05.02.2026).

O proceso de selección será polo sistema de concurso-oposición: entrevista e concurso de valoración de méritos no caso do enxeñeiro forestal; proba práctica e valoración de méritos no caso dos postos de oficial e peón forestal. Para a selección de persoas candidatas realizarase unha oferta xenérica de emprego ao Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) nos termos que a citada convocatoria de axudas establece.

#### Segunda.- Modalidade de contratación e réxime xurídico

O contrato formalizarase baixo a modalidade de duración determinada para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (DA 9ª do RDL 3/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o TR da Lei de Emprego), a tempo completo e por un período de nove meses.

Denominación e número de postos ofertados:

- *Tres (3) Oficiais forestal (tractorista): limpeza de espazos públicos e marxe de vías con medios mecánicos (tractor desbrozadora) en faixas secundarias.*
- *Un (1) enxeñeiro forestal: tarefas de planificación preventiva.*
- *Dous (2) Peóns forestais: limpeza de espazos públicos e marxes de vías en faixas secundarias*

Retribucións:

- *Oficial forestal: 1.424,50€ brutos mensuais, incluído o prorrateo das pagas extra.*
- *Enxeñeiro forestal: 1.443,47 brutos mensuais, incluído o prorrateo das pagas extra.*
- *Peón forestal: 1.424,50€ brutos mensuais, incluído o prorrateo das pagas extra.*

A relación contractual rexerese pola lexislación laboral, sendo de aplicación principalmente o Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da *Lei do Estatuto dos Traballadores* e a Lei 7/2007 de 12 de abril, do *Estatuto básico do empregado público*, sen prexuízo das normas administrativas que sexan de aplicación ao persoal ao servizo das administracións públicas e demais normativa Estatal e autonómica.

#### Terceira.- Requisitos dos aspirantes

As persoas interesadas en tomar parte nesta contratación, deberán reunir os seguintes requisitos:

I) Requisitos xerais: serán os requisitos legalmente previstos, con carácter xeral, para o acceso ao emprego público:

- a. Ser maior de 16 anos, e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- b. Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- c. Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

d. Para os nacionais doutros estados estarase ao disposto no artigo 57 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; non obstante, se non é cidadán membro da Unión Europea, deberá, posuír o permiso de traballo necesario, de acordo co establecido na Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.

e. Non atoparse en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade previstas na lexislación vixente.

II) Requisitos específicos:

a. De acordo co establecido nas bases reguladoras da subvención do programa GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO que financia este servizo, publicadas no DOG do 5 de febreiro de 2026. Ditas axudas destinaranse á contratación laboral de persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados nas categorías/ocupacións referidas na base anterior e que estean dispoñibles para o emprego.

b. Formación académica:

Acreditar estar en posesión da seguinte titulación e/ou formación para os seguintes postos de traballo:

- *Oficial forestal (tractorista): carné de conducir tipo B*
- *Enxeñeiro forestal: grado universitario en enxeñería forestal ou equivalente.*
- *Peóns Forestais: ningún*

Estes serán o perfís profesionais que deberá ser requirido na oferta xenérica de emprego ao Servizo Público de Emprego de Galicia: 8321 operadores de maquinaria agrícola móbil, 2425 enxeñeiros técnicos forestais e do medio natural, 9543 peón forestal.

Os requisitos deberán acreditarse debidamente nos prazos e termos sinalados nestas bases e os aspirantes deberán cumprilos na data de remate de presentación de instancias e mantelos ata a data de formalización dos contratos.

Cuarta.- Preselección de persoas candidatas e proceso de admisión

a) *Preselección de candidatos mediante chamamento ao Servizo Público de Emprego:*

O Concello presentará a oferta xenérica de emprego na Oficina Pública de Emprego, no modelo normalizado para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir os aspirantes a ser contratados, conforme ás esixencias funcionais e profesionais da actividade a desenvolver, facendo constar a categoría profesional/postos. En todo caso, ditos criterios e requisitos específicos corresponderase co previsto, ao respecto, na base terceira, apartado II) das presentes bases.

b) *Admisión de candidatos:*

A selección consistirá nun concurso-oposición, que se desenvolverá da seguinte maneira.

1. No momento de acudir á cita marcada pola oficina de emprego para a presentación no Concello, os candidatos preseleccionados serán informados do procedemento selectivo para o cal se lles entregará unha copia das presentes bases. Ou ben, no día da comunicación da sondaxe ao Concello de Rodeiro cos datos das persoas pre-seleccionadas como candidatas a cadansúa oferta, os candidatos serán informados do procedemento selectivo para o cal se lles remitirá unha copia das presentes bases por correo electrónico.

2. Os aspirantes disporán de 5 días naturais, a contar dende o día seguinte ao que se refire o punto anterior, para presentar a seguinte documentación (no caso de se presentar na forma que determina o art. 16.4 da Lei 39/2015 do

*Procedemento administrativo común das AAPP* o concursante deberá xustificar a data da imposición do envío e comunicalo no mesmo día ao Concello no correo [aedl@rodeiro.gal](mailto:aedl@rodeiro.gal)):

- Instancia oficial que acompaña a estas bases.
- DNI ou NIE.
- Un sobre pechado no que fará constar o nome, apelidos e DNI do aspirante, así como a inscrición “Méritos alegados”. En dito sobre incluírase a documentación xustificativa dos méritos alegados segundo as indicacións da base 6, que en todo caso será a través de documentos orixinais ou copias compulsadas. Os méritos non xustificados documentalmente non serán valorados.

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía, no prazo dun (1) día hábil, ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará na sede electrónica deste Concello, <https://rodeiro.sedelectronica.gal> e, no seu caso, no Taboleiro de Anuncios, para maior difusión, sinalarase un prazo de dous (2) días hábiles para emenda. Dita lista será definitiva de non presentarse reclamacións. Transcorrido o prazo de emenda, a Alcaldía aprobará a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará na sede electrónica deste Concello. Na mesma resolución, farase constar a designación nominal do Tribunal e a data de realización da primeira proba, entrevista ou proba práctica, segundo corresponda para cada posto de traballo.

A título informativo remitirase ao correo electrónico indicado na instancia por cada candidato o enlace á publicación da dita resolución.

#### Quinta.- Tribunal

A composición do tribunal deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e ter presente o criterio de paridade entre homes e mulleres. A pertenza a estes órganos é a título individual, non podendo ostentarse esa representación por conta de ninguén.

O tribunal estará formado polo presidente, o secretario e máis dous vogais. Os vogais deberán ter, como mínimo, o mesmo nivel de formación ca esixida para os postos que se convocan, ademais de posuír coñecementos específicos ou experiencia profesional nas materias que son obxecto do posto de traballo que se convoca. O secretario terá voz, pero non voto nas decisións que se acorden.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros ou dos seus respectivos suplentes, indistintamente. En todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario.

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.

O Tribunal poderá dispor a incorporación ao seu labor no proceso selectivo de asesores especialistas, naquelas probas que consideren necesario e/ou para aqueles aspectos concretos do proceso selectivo debido á especialización técnica do traballo a realizar. A súa función circunscríbese a un mero asesoramento, é dicir actúan con voz, pero sen voto, non participan na toma de decisións do Tribunal. Os asesores deberán gardar sigilo e confidencialidade acerca dos datos e asuntos sobre os que teñan coñecemento a consecuencia da súa colaboración no Tribunal.

O Tribunal poderá designar persoal colaborador para o desenvolvemento das probas, que actuará baixo a súa dirección, cando a complexidade do proceso selectivo o aconselle.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

## Sexta.- Desenvolvemento do proceso selectivo

Rematado o prazo de presentación da documentación para o inicio do procedemento selectivo, citarase ás persoas candidatas do xeito establecido na base 4ª para a realización da primeira proba. En dita convocatoria determinarase o lugar, a hora e o día no que deberán comparecer os aspirantes, así como a orde de actuación que será alfabética segundo a primeira letra do apelido comezando pola letra «M», segundo establece a resolución do 22 de xaneiro de 2026 pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. Realizarase un único chamamento. A non comparecencia determinará a exclusión do proceso selectivo, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.

### 6.1 Primeira proba

#### 6.1.1. Prazas de oficial forestal e peón forestal: exercicio práctico

A proba consistirá na realización dun exercicio práctico, proposto polo Tribunal inmediatamente antes da súa realización. A proba estará directamente relacionada coas funcións do posto a seleccionar. Valorarase a destreza práctica, a actitude e a aptitude na súa realización, así como a adopción de medidas para o cumprimento da prevención de riscos laborais. Para a súa realización os aspirantes deberán acudir con indumentaria de traballo, facilitándose nese momento os demais elementos que sexan necesarios para levala a cabo. O tempo máximo será determinado polo Tribunal atendendo ao seu contido, pero en ningún caso deberá exceder de 20 minutos.

No caso de que o Tribunal así o determine, poderá substituírse o exercicio práctico por unha proba escrita tipo test cun máximo de 20 preguntas. As preguntas soamente terán unha soa resposta correcta e versarán fundamentalmente sobre coñecementos de tipo práctico relacionados coas tarefas a desenvolver. Neste caso, o tempo máximo para a súa realización non excederá os 40 minutos.

A proba non será eliminatória. Puntuarase sobre un máximo de 12 puntos.

#### 6.1.2. Praza de enxeñeiro forestal: entrevista

A entrevista persoal realízase coa finalidade de avaliar as capacidades persoais para o desempeño do traballo. Versará sobre a aptitude e actitude, habilidades, valores, e coñecementos relacionados co posto de traballo a cubrir, así como sobre aspectos da traxectoria e experiencia profesional das persoas candidatas.

A entrevista non será eliminatória. Puntuarase sobre un máximo de 6 puntos.

Finalizada esta primeira fase do procedemento selectivo, o Tribunal procederá a valorar os méritos dos aspirantes.

### 6.2 Méritos

Son méritos a valorar para a selección os de preferencia que determina a convocatoria de axudas que financian estas contratacións no seu artigo 14.

#### C. Circunstancias sociais e persoais:

- Situación de desemprego:

1. Igual ou superior a 12 meses	0,60 puntos
2. Igual ou superior a 24 meses	1,00 puntos
3. Non percibir prestación/subsidio por desemprego	0,60 puntos
4. Persoas beneficiarias da RISGA	0,60 puntos
5. Demandantes do seu primeiro emprego	0,60 puntos

*Acreditase: para o tempo en desemprego mediante informe dos períodos de inscrición expedido polo SPEG. Para a non percepción de prestacións/subsidios co certificado do SEPE. Para a valoración de demandantes da 1ª ocupación, informe actualizado de vida laboral emitido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Para persoas beneficiarias da RISGA, copia da resolución de recoñecemento.*

- Menores de 30 anos ou maiores de 45 anos: 0,60 puntos

*Acreditase co DNI.*

- Por ser muller: 0,25 puntos

*Acreditase co DNI.*

- Persoas trans. 0,25 puntos

*Deberase acreditar a rectificación rexistral.*

- Persoas candidatas con cargas familiares:
  1. Existencia de fillos ou menores en acollemento (cada un) 0,25 puntos

*(tamén cónxuxe ou parella de feito e/ou fillos maiores con discapacidade ou persoas maiores incapacitadas a cargo da persoa candidata)*

2. Familia monoparental/monomarental 0,60 puntos

*Acreditase coa copia compulsada do Libro de Familia e certificado municipal de convivencia, e resolución administrativa de recoñecemento da condición alegada. No caso de familias monoparentais coa documentación que acredite a circunstancia que a orixina (sentenza aprobatoria do convenio regulador da garda e custodia dos menores, certificado de falecemento, ou outra que acredite dita circunstancia). A estes efectos, enténdese por unidade familiar a formada polo titular, cónxuxe ou parella de feito debidamente inscrita no rexistro correspondente e fillos menores de 26 anos ou maiores con discapacidade, maiores incapacitados e/ou menores en acollemento.*

- Por discapacidade recoñecida legalmente: 0,25 puntos

*Acreditase coa copia auténtica da resolución administrativa de recoñecemento.*

- Víctima de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual. 0,60 puntos

*Acreditase coa certificación acreditativa da condición de vítima expedida polo Punto de coordinación das Ordes de Protección ou do organismo público competente.*

- Persoas emigrantes retornadas ou estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España: 0,60 puntos

*Acreditase co certificado de emigrante retornado ou NIE para de estranxeiros.*

- Persoas que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral: 0,60 puntos

*Acreditase coa copia do IPI ou informe do SPEG co detalle das medidas incluídas no mesmo.*

D. Adecuación ao posto de traballo:

- Por estar en posesión do carné de conducir. **Soamente aplicable aos postos de peón forestal:**
  - I. Clase B 0,10 puntos

II.	Clase C1	0,15 puntos
III.	Clase C	0,20 puntos

*Acreditarase coa copia do carné en vigor. En caso de posuír varios carnés, soamente se aplicará a puntuación do superior.*

- Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, ganderaría e xardinaría).  
0,60 puntos

*Acreditarase co contrato de traballo e co certificado de profesionalidade obtido ao remate do programa (se non se dispón del informe da vida laboral expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social que acredita a participación no programa durante toda a súa vixencia). No caso das accións formativas co título ou diploma emitido ao efecto.*

A existencia dunha omisión ou falsidade nos documentos presentados para demostrar calquera dos méritos, debidamente demostrada, será causa de exclusión do proceso de selección. Si se demostra posteriormente falsidade será causa de rescisión do contrato.

Todos os documentos e informes que se acheguen deberán ser orixinais e cotexaranse no Concello.

#### Sétima.- Resolución de empates

En caso de empate contratarase a persoa candidata que acredite maior puntuación na proba práctica. De persistir o empate seguirase polas persoas candidatas que acrediten ter participado en obradoiros, programas integrados ou mixtos de formación e emprego. Continuarase coa orde das persoas candidatas que acrediten unha maior puntuación nos criterios de valoración das circunstancias sociais e persoais, segundo a orde na que figuran ordenados os criterios establecidos na base 6ª.2).

#### Oitava.- Proposta de contratación

Valorados tódolos méritos alegados polos aspirantes que reúnan as condicións esixidas, o Presidente formulará a correspondente proposta de contratación a favor dos candidatos que obtivesen a maior puntuación, remitíndose a mesma á Xunta de Goberno Local, e sen superar, en ningún caso, o número de prazas convocadas. Esta proposta será publicada no taboleiro de anuncios do Concello.

O tribunal configurará, igualmente, unha lista de agarda cos restantes aspirantes non seleccionados, segundo a orde da puntuación acadada, e no caso de renuncias, baixas ou substitucións, procederase ó chamamento da seguinte persoa, por rigorosa orde de puntuación, sempre que reúna os requisitos das bases reguladoras referido *programa APROL*, procedendo a súa contratación polo tempo que reste ata o remate do contrato (artigo 17 da Orde).

No suposto de que a listaxe de agarda se esgotase ou ningún dos seus integrantes estivese dispoñible para a súa contratación polo Concello, procederase a iniciar un novo proceso selectivo do xeito establecido nestas Bases.

#### Novena.- Resolución e contratación.

Á vista da proposta do Tribunal, a Xunta de Goberno Local resolverá o procedemento selectivo, acordando a contratación dos candidatos seleccionados, de conformidade coa lexislación laboral aplicable.

O Sr. alcalde procederá a asinar cos aspirantes seleccionados o corresponde contrato laboral para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral.

A non presentación no posto de traballo, no día e hora indicados, para o comezo da relación laboral, enténdese como renuncia ao posto de traballo salvo causas debidamente xustificadas.

Décima.- Réxime Xurídico.

Para o non previsto nestas Bases, ademais do previsto na resolución de axuda e na Orde de convocatoria das axudas que financian estas contratacións, rexerán como supletorias: a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Réxime Local; o Real Decreto 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia; o Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores; o Real Decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei de Estatuto Básico de emprego público, e Lei 2/2015 de 29 de abril de Emprego Público de Galicia, e demais disposicións concordantes.

Undécima.- Incidencias.

A Tribunal de Selección queda autorizado para resolver las dúbidas que se presenten e adoptalos acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas bases.

Décimo segunda.- Impugnación.

Os/as interesados/as poderán impugnalas presente convocatoria e as súas bases, así como tódolos actos administrativos que se derivan da mesma nos casos e na forma establecidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.

## ***7.- DESIGNACIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DOS POSTOS DE TRABALLO FINANCIADOS AO ABEIRO DO PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO***

De conformidade co establecido nas Base quinta das Bases do proceso selectivo, aprobadas na presente sesión, a Xunta de Goberno Local, a proposta do Sr. alcalde e por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Designar como membros do Tribunal Cualificador do proceso selectivo para a contratación laboral temporal dos postos de traballo financiados ao abeiro do Programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, ás seguintes persoas:

PRESIDENTE: Jorge Ojea Mato, axente de emprego e desenvolvemento local.

VOGAIS: Yolanda Aguiar Jorge, técnica de Medio Ambiente.  
Gerardo Abeledo Iglesias, arquitecto técnico.

SECRETARIO: José María Novo Ramos, secretario-interventor.

**8.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 2 DA OBRA DE “MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL EN OURÍN – ASPERELO”, INCLUÍDA NO PLAN CAMIÑA RURAL 2025-2026**

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 2 correspondente á obra de *“Mellora de camiño municipal en Ourín – Asperelo”*, incluída no Plan Camiña Rural 2025-2026, por importe de CINCUENTA E TRES MIL NOVECENTOS CINCUENTA E CINCO EUROS CON SESENTA E OITO CÉNTIMOS (53.955,68 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada polo director da obra Don Román Gómez Fraiz.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U., por un importe de 53.955,68 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. OB2026-87 (FACe), de data 17/04/26, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

**9.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 1 (FINAL) E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA DE “MELLORA DO DEPÓSITO DE ABASTECIMENTO DE GURGULLÓNS”**

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 1 (final), correspondente á obra de *“Mellora do depósito de abastecemento de Gurgullóns”*, por importe de CORENTA E OITO MIL TRESCENTOS DEZASETE EUROS CON NOVENTA E SETE CÉNTIMOS (48.317,97 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada polo director da obra Don Román Gómez Fraiz.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra AGRAMEJUTO S.L., por un importe de 48.317,97 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. 11 (FACe), de data 28/04/26, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

Cuarto.- Vista a Acta de recepción da devandita obra, asinada o día 28 de abril de 2026, na que se fai constar que *“as obras realizadas, agás vicios ocultos, atópanse en bo estado, sendo executadas baixo o seguimento do facultativo encargado da súa dirección, segundo as prescricións previstas”*, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda prestarlle a súa aprobación e, xa que logo, recibir a devandita obra, contando a partir desta data o prazo de garantía da obra fixado nun ano no prego de condicións, de conformidade co disposto no artigo 243 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP).

Quinto.- Aprobar a memoria xustificativa das actuacións asinada pola dirección facultativa en data 30/04/26.

#### ***10.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE PARA O EQUIPAMENTO E MELLORA DAS INSTALACIÓNS E LOCAIS UTILIZADOS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAI***

O Sr. alcalde informa á Xunta de Goberno Local da Orde do 12 de marzo de 2026 da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais de Galicia, para o equipamento e a mellora das instalacións e dos locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (DOG núm. 60, do 31/03/26); e a conveniencia de solicitar dita subvención para dotar de equipamento na biblioteca e na zona de exposicións do Centro Cultural Municipal “Manuel Lamazares”, consistentes na adquisición de novo mobiliario expositor, soportes e paneis informativos, bancos; así como o subministro dun proxector e pantalla para a zona de biblioteca.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude unha subvención económica, por importe total de TRINTA MIL EUROS (30.000,00 €), para a realización do investimento denominado *“Equipamento para a biblioteca e zona de exposición do Centro Cultural Municipal “Manuel Lamazares”*, segundo o anteproxecto redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Don Román Gómez Fraiz, en data abril de 2026.

Segundo.- Comprometerse a levar a cabo na súa totalidade as actuacións que se conteñen na memoria, no suposto de ser beneficiario da subvención solicitada.

Terceiro.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde da convocatoria.

Cuarto.- Comprometerse a facer fronte aos gastos non subvencionados con cargo os orzamentos municipais, no suposto de ser beneficiario da subvención solicitada.

Quinto.- Facultar ao alcalde do Concello para que, na representación desta Entidade Local, asine cantos documentos sexan precisos para a efectividade deste acordo.

## **11.- APROBACIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI) DO CONCELLO DE RODEIRO**

Visto o Plan de autoprotección do Punto de Atención á Infancia (PAI) do Concello de Rodeiro elaborado, por encargo do Concello, polo técnico superior en Prevención de Riscos Laborais Don Alejandro López Gude, en data abril de 2026.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto nos artigos 14.2 e 15.4 da Lei 17/2015, do 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil; Decreto 172/2022, do 6 de outubro, polo que se aproba o Catálogo de actividades que deben adoptar medidas de autoprotección, e normativa complementaria, adopta, por unanimidade, o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o Plan de autoprotección do Punto de Atención á Infancia (PAI) do Concello de Rodeiro que se sinala no antecedente do presente acordo.

Segundo.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación que ostenta, emita o certificado de implantación do Plan de autoprotección.

Terceiro.- Solicitar a inscrición do Plan aprobado no Rexistro electrónico de Plans de autoprotección de Galicia.

## 12.- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS

A/

VISTA a instancia presentada pola sociedade NAROM S.L., co CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social en Porriño (RE-E núm. 272, do 27/04/26), pola que solicita a devolución da fianza constituída a favor deste Concello mediante seguro de caución da entidade aseguradora ASEFA S.A., SEGUROS Y REASEGUROS, estendido con data 17/08/21 (rexistro núm. [REDACTED]), por importe de SEIS MIL OITOCENTOS TRINTA E CINCO EUROS CON NOVENTA E OITO CÉNTIMOS (6.835,98 €), en concepto de garantía definitiva da obra de *“Mellora de accesos e pavimentación de rúas en núcleos de poboación das parroquias do Salto, Vilela, Carboentes, Pescoso, Álceme e Asperelo”*, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a súa cancelación e devolución á solicitante.

B/

VISTA a instancia presentada pola sociedade NAROM S.L., co CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social en Porriño (RE-E núm. 273, do 27/04/26), pola que solicita a devolución da fianza constituída a favor deste Concello mediante seguro de caución da entidade aseguradora ASEFA S.A., SEGUROS Y REASEGUROS, estendido con data 17/08/21 (rexistro núm. [REDACTED]), por importe de MIL NOVECIENTOS TRINTA E SETE EUROS CON SETE CÉNTIMOS (1.937,07 €), en concepto de garantía definitiva da obra de *“Pavimentación de vías municipais nas parroquias de Camba, Riobó e Asperelo”*, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a súa cancelación e devolución á solicitante.

### 13.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, aprópanse as seguintes facturas e pagos:

- DEPUTACIÓN PROVINCIAL 1.000,00 €  
Por achega ao convenio de administración electrónica 2026, s/cargo.
- GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A. 599,71 €  
Por consumos eléctricos do alumeadado e bombeo do S.UR.ND.I-1, s/recibos.
- SUPERVISIÓN Y CONTROL S.A. 66,23 €  
Por taxa de ITV de vehículo municipal, s/factura núm. 361326FC0003034.
- MARÍA JOSÉ DÍAZ MARTUL 1.626,05 €  
Por reposición e reparación de pneumáticos de vehículos municipais, s/facturas núm. A/4121, A/4122, A/4123 e A/4240.
- O RODO, S. COOP. GALEGA 3.203,08 €  
Por traballos de reparación e mantemento dos camións de recollida do lixo, s/facturas núm. T/2.026/548, T/2.026/666 e T/2.026/674.
- TALLERES JEYMA RODEIRO S.L. 617,11 €  
Por traballos de reparación de vehículos municipais, s/factura núm. A/46.
- ALQUILERES LALÍN S.L. 280,72 €  
Por aluguer de rodillo de compactación para obras municipais, s/factura núm. 26/327.
- PRIMO LALÍN S.L. 261,64 €  
Por subministro de diverso material de construción, s/factura núm. 2026/03.

- O RODO, S. COOP. GALEGA 23,99 €  
Por subministro de material para obras, s/factura núm. M-578.
  
- JOSÉ MANUEL JORGE FERNÁNDEZ 827,88 €  
Por subministro de diverso material de ferraxería para o Concello,  
s/factura núm. A/12.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as doce horas trinta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,  
(*sinatura dixital*)

O alcalde,  
(*sinatura dixital*)